

Aproximación ó Libro do Peregrino

Xan Cinza Porta

Quédanos xa lonxe no tempo a anécdota protagonizada por un conselleiro dos anos oitenta quen, no marco do Primeiro Encontro no Camiño de Santiago e nun momento do seu discurso, chegou a afirmar «... é preciso dinamitar o Camiño de Santiago ...», el mesmo, ante as caras de estupor que os asistentes mostraron, correxiu a súa afirmación, «... quero dicir, evindetemente, que hai que dinamizar o Camiño de Santiago ...», provocando así a hilaridade dos asistentes. O certo é que máis de un quedou preocupado polas interpretacións a que podería dar lugar a aplicación da teoría freudiana dos actos fallidos a semellante lapsus linguae, dubidando así da evidencia da súa corrección.

Mais hoxe, o Camiño parece de novo asentado como froito do pulo dinamizador, non só dos conselleiros, senón tamén de instancias varias como concellos, cabildos, gobernos central e autonómico O Camiño, hoxe en día, non só discorre baixo a Vía Lactea, senón que tamén percorre as autopistas da información navegando vía Internet. Como consecuencia de todo isto, novos peregrinos transitan pola senda de Santiago acompañando a aqueles que a percorren unha e outra vez en anos sucesivos.

Nesta nova andaina do propio Camiño dous son os fitos máis salientables, os anos santos de 1993 e 1999. Este último plantexa un enorme desafío de promoción que, aproveitando o carácter finisecular da data e

o novo marco europeo, pode da-lo definitivo pulo para a súa consolidación cara ó século vinteun; aquel, pola súa banda, parece ter sido un punto de inflexión e de relanzamento na súa historia contemporánea, e é este o motivo que atrae o noso interese.

As imaxes dos pelegríns e do propio Camiño difundidas a través das ondas hertzianas e dos herdeiros de Guttemberg contrastan teimudamente coas que o noso maxín creara a partir do Romance de Don Gaiferos e as ilustracións dos códices medievais, ¿quen eran eses novos romeiros de tan estrafalario atuendo?, ¿Que motivacións os impulsaban a percorrer tan antiga senda?, ¿Que esperaban da súa andaina?, ¿que impresión producían neles o propio camiño, as súas paisaxes e os seus habitantes? ... , e unha tras outra unha interminable serie de preguntas ateigaban o noso caletre ante o pasmo que en nós producían aquelas imaxes. Evidentemente, as respostas a tales interrogantes esixirían un estudio pormenorizado que excedería con moito o espacio deste traballo e do tempo que para realizalo se nos otorgou. Non é, por tanto, a nosa intención esgotar as respostas a tales interrogantes; han ser outros quen, con máis medios, acometan a tarefa. A nosa pretensión é bastante máis modesta, tentamos tan só aproximarnos a un fenómeno que, non sendo novo, pon a esta esquina do finisterre atlántico de actualidade.

Non nos corresponde a nós establecer se ten validez a afirmación de Antón Reixa de que, no pasado, os europeos descubrironse como tales peregrinando a Santiago, o que sí nos parece certo é que, na actualidade, e a través dese mesmo camiño de ida e volta, e sobor de todo a través dos seus camiñantes, temos a oportunidade de que Europa nos redescubra, e de ser, se cabe, máis universais. É esta unha labor que merece todo o noso empeño, e cabe quizais comprobar que é o que imos logrando.

METODOLOXÍA

Polo que á metodoloxía se refire, é preciso facer unhas consideracións que esperamos sexan clarificadoras

Dicir, en primeiro lugar, que na vida dos individuos e dos grupos non só se atopan «feitos» - ou sexa, accións humanas ou acontecementos- , senón tamén discursos itinerantes que, por unha banda, veñen marcar

ós propios feitos e, por outra, confórmanse a partires deles. É neste contexto onde situamos a *metodoloxía cualitativa* empregada neste traballo, e que consistiu nunha análise da fraseoloxía que aparece nos libros de peregrinos do cumio do Cebreiro e do Alto do Poio. A escolla destes dous lugares está motivada polo interese que ambo-los dous despertan no investigador, máis, se cabe, ó ser galego. O cumio do Cebreiro supón: a superación dunha das subidas máis duras de todo o camiño - se non a máis dura de todas elas- tras longas xornadas transitando pola meseta , un cambio espectacular na paisaxe, o achegamento a un novo pobo con idioma, hábitos e mentalidade propia e xunto co Alto do Poio - o punto máis alto de todo o Camiño e a división natural entre as vertentes atlántica e cantábrica do mesmo- e a subida ó Monte do Gozo os tres obstáculos máis duros da parte final, a galega, do Camiño.

En segundo lugar, o noso estudio está baseado nunha técnica que podería ser denominada como *análise de traxectorias* ou *historias da vida*, e que pretende amosar como as circunstancias culturais e estruturais inflúen sobre o propio devir persoal. Tratamos de recoller información sobre datos puntuais dunha secuencia de acontecementos, reflexados nas frases escritas nun libros, que forman parte do contexto vivencial dunhas persoas, e contempladas desde unha perspectiva dinámica que ven dada pola confrontación entre un camiño xa andado e outro que está aínda por percorrer.

Debemos engadir, que utilizamos outra técnica cualitativa, a *entrevista en profundidade*, con diferentes persoas relacionadas co Camiño: os responsables da Hospedería do Cebreiro - sería inxusto non gabar aquí a súa amabilidade e o noso agradecemento ós mesmos por canto a súa actitude facilitou o noso traballo- e os do Hostal *Santa María de Poio*, Laura Dennett presidenta da Confraría de Saint James de Gran Bretaña e Juan Carlos Lema - máis coñecido como «*Zapatones*», peregrino coñecedor do Camiño - e ben coñecido no mesmo por telo percorrido non en varias senón en múltiples ocasións desde os anos setenta. Todos eles aportaron ó noso estudio coñecementos sobre aspectos e facetas do Camiño e dos seus camiñantes que para nós permanecían ignorados.

Esperamos que pola combinación das diferentes técnicas empregadas, e a pesares das dificultades, atopadas- academo-lo rigor mínimo e a suficiente fiabilidade para un estudio que ten por obxecto unha modesta aproximación a un fenómeno de actualidade.

DESCRIPCIÓN DO TRABALLO

Compre explicar que o noso traballo fundaméntase en gran parte en datos sacados dos «*Libros do Peregrinos*». Son estes uns libros que se atopan nos refuxios, hospederías, hostais, mesóns, ... , que hai ó longo do Camiño , e nos que os peregrinos van facendo unha serie de anotacións. Son pois unha fonte ideal para rexistra-las impresións de tantos e tan variados camiñantes sobre aspectos moi diversos. Mais é precisamente desta diversidade de donde provén a dificultade para o seu agrupamento ou clasificación, por tratar moitas delas aspectos moi diversos nun mesmo texto. Serva de mostra un botón.

« El Cebreiro maravilloso, aunque se vende caro, como siempre nos recibieron y trataron fenomenal.

Las piernas aguantan de milagro.

Viva la Asociación Galega de Amigos do Camiño.

Un abrazo Don Angel.»

Cebreiro, 2-1-93

Imposible non percibir neste exemplo alusións a aspectos tan diversos como as dificultades do Camiño, a hospitalidade galega, a labor da Asociación Galega de Amigos do Camiño.

Con todo, e para facilita-la nosa exposición, desenvolveremo-lo noso traballo en torno a unha serie de ideas-eixo que nos axuden a dar resposta ós interrogantes plantexados, aínda cando aparezan asociados en moitas anotacións dos peregrinos, ou procedan das diversas fontes mencionadas na introducción. Centrarémonos así nos seguintes aspectos;

- ¿De onde veñen?
- ¿Por que veñen?
- ¿Como peregrinan?
- ¿Como viven o Camiño?
- Penalidades, ánimos e agradecementos
- Mensaxes e literatura
- Os tópicos

Por outra banda, e dada a «peculiaridade» do material que utilizamos - anotacións, maioritariamente breves, rematadas con sinaturas e, en moitos dos casos de difícil lectura-, ó longo deste traballo citarémolas polos datos que nos foi posible interpretar, fundamentalmente o lugar en que as atopamos e a data que aparece a carón da sinatura.

1. ¿DE DONDE VEÑEN?

Dicir que o Camiño de Santiago é universal pode resultar certo en canto a que é de interese cultural para a toda a humanidade pero resultaría un tanto inexacto en canto á procedencia dos camiñantes que polo Cebreiro deixan escrita a súa pegada; e así, se ben é certo que atopamos escrituras de moi diversas procedencias, e en moi diversas linguaxes -algunhas, por exemplo, de oriente medio que nos resultaría imposible transcribir aquí, ou dos dous lados do estreito de Magallanes, o certo é que a maior parte das mensaxes, de non estar escritas en español ou en galego, estano en inglés, francés ou alemán, incluíndo as de procedencia suíza que se atopan escritas en algunha destas dúas últimas linguas ou, tamén, as de procedencia belga escritas así mesmo en francés. Menudean, pero tamén aparecen, parágrafos en portugués -mesmo de orixe brasileira- catalán -sen pretender aquí entrar na controversia e diferenciación entre catalán, valenciano ou balear- non nos sentimos con preparación suficiente-, tamén algunha en croata ou en gaélico e mesmo en latín, máis sería difícil establecer a procedencia desta última;

«Per aspera ad astra».

Como queda visto polo anterior, os peregrinos son maioritariamente da Europa Occidental, sendo minoritarias as escrituras asiáticas ou Americanas, e case inexistentes as africanas ou asiáticas.

Inflúe, por tanto, na procedencia o ámbito relixioso católico ó que pertencen a maior parte dos peregrinos, aínda non sendo determinante, e así, é maioritaria a procedencia do mundo católico, no que adquire máis sentido relixioso -aínda non sendo a única motivación- non excluíndo outros ámbitos relixiosos para os que a figura de Santiago non presenta esa transcendencia. Atopamos, por exemplo, algunha alusión ó Tíbet pero, por es-

tar en castelán, deducimos que son debidas a seguidores ibéricos desta relixión, máis que a nativos de Asia encadrados en tal confesión .

2. ¿POR QUE VEÑEN ?

É un debate aberto, as persoas consultadas nos lugares nos que se levou a cabo esta investigación e as que atopamos ó longo da nosa peregrinación no ano 95 apuntan a motivacións moi diversas que tentaremos expoñer nas liñas seguintes.

Se nos remitimos tan só ó que no libro dos peregrinos aparece escrito, a fe, nas súas diversas variantes, parece se-la motivación máis abundante, mais este opción atopa moi diversas formulacións, en Deus, en Cristo, no propio santo, véxanse tan só algúns exemplos:

Fe en Deus, o Señor

«We walk for God and Freeland»

(Dust Smith. Cebreiro, 13/4/93)

«El Señor se transfiguró en el Tabar y el Pueyo es el Lugar donde la blanca nieve me recuerda al Señor resucitado»

(J. Pedro de Valencia. Poio, 16/5/93)

Fe en Cristo:

«Camino de Santiago, camino de Cristo Jesús, pies doloridos y cansancio por amor a Cristo Jesús»

(Cebreiro, 18/3/93)

«Solo la fe por cumplir una meta nos da fuerzas para llegar al alto de O Cebreiro. Espero que esta fe no me falte par conseguir otras metas más altas en la vida. Jesús Vive.»

(Yuco. Cebreiro, 18/3/93)

«Seguimos camino de Santiago, superando los problemas y cada vez con más ilusión

Jesús va con nosotros

¿Que nos puede pasar?»

(Los de Madrid. Poio, 19/7/93)

«Atravesser um oceano pra percorrer este caminho. Com a axuda de meu ando e pela alegría de Deus. E hei de vencer, hei de percorrer o extraño Caminho de Santiago»

(Marcelo, Brasil. Poio, 19/6/93,)

Fe no Apóstolo:

«Vamos camino del conocimiento para adorar al Apostol»

(Cebreiro,13/3/93)

«Nos dicen que somos los primeros del 93. Es una ilusión, una esperanza, un compartir.

Santiago, testigo de la fe, es llama.

Respondemos en amistad»

(Cebreiro, 1/1/93)

Fe en xeral:

«Con fe y amor se anda el camino»

(Angel Zayas. Cebreiro, 7/4/93)

Algunhas manifestadas de forma palmaria:

«Fe en Dios e ferro a fondo»




(Cebreiro,4/4/93)

Mais existen tamén outras fes, ou outras manifestacións da fe que gardan realación con outros motivos, formulacións antigas como o Santo Graal:

«Que el Santo Grial nos muestre su luz y nos inunde de amor y felicidad, que la dicha ilumine nuestros corazones

*«Dos amigos que, abiertos a **Gaia**, empezaron haciendo turismo en bici y despues llegaron aquí y se sintieron peregrinos»*

(Cebreiro,29/4/93)



«OM NAMAHA SHIVAYA

Hermano, que la luz llegue a tus ojos y que el silencio inunde tu corazón»



(Cebreiro, 93)

Algunhas son, ademais, pouco edificantes

«Creo en Jesús pero no en Dios, y simplemente voy a Santiago a comer una mariscada, que me han dicho que los conejos de Santiago son frescos y cojonudos»

(Cebreiro, 19/7/93)

Pero ademais destas, existen outras motivacións. O noso entrevistado Juan Carlos Lema, «Zapatones», ten unha ampla experiencia; percorreu o Camiño máis de quince veces dende os anos setenta, e amósase bastante crítico. Na súa opinión, debemos trazar unha liña divisoria entre os peregrinos anteriores ó Ano Santo de 1993 e os que viñeron despois. Os primeiros eran fundamentalmente crentes ou agnósticos moi respetuosos co «sentido» do Camiño, deixase levar aquí pola nostalxia hacia un pequeno grupo de amigos que, co Padre Elías Valiña á fronte, recuperaron o Camiño; unha «panda de tolos» que disfrutaban cunha senda antiga, un camiño sagrado e un «percorrido interior», fosen ou non crentes. Os posteriores ó

ano 93, aínda recoñecendo que algúns deles seguen co mesmo concepto, mérecenlle unha moi dura crítica. Respecta a aqueles que veñen «á procura» de algo, por exemplo, aqueles brasileiros que desbordados por «tal cúmulo de relixións e supersticións como alí hai» e tras le-lo «*best-seller*» de Claudio Coelho, antigo bruxo que o fixo varias veces. «O Caminho das estrelas», puxéronse en marcha nunha «búsqueda interior» á que cedeu a mismísima Sirley Maclaine; tamén aqueles non crentes que, ante un feito traumático na súa vida, fixeron a promesa de percorrelo se saían con ben, e cita varios exemplos como o dunha profesora dun colexio británico que o percorreu tras saír dunha moi dura operación á que se veu sometida tras un aparatoso accidente. Mesmo valora moi vivamente que se continúe coa tradición belga de redimirlle a pena a aqueles xoves delinquentes que, non tendo no seu haber delictos de sangue, se atrevan a percorrelo¹

Pola contra, o inefable «*Zapatones*», amósasenos farto de tanto novo caminante hipócrita que ateiga o Camiño desde o ano 93. É especialmente duro coa xuventude, aínda que a crítica non vai dirixida só a eles; considera que no Camiño se atopa demasiada xente facendo «turismo barato» e é aquí donde se amosa máis crítico coa xuventude e coas excursións escolares de fin de curso que, pola antedita motivación desvirtúan o «sentido» do Camiño. Con todo, asómalle unha vea de realismo na súa crítica, e considera que, neles, é máis disculpable que noutros dada a súa escasa dispoñibilidade económica e ademáis «en vez de ir a ver tetas e cus a Benidorm, algo sacarán de todo isto; ademáis, o Camiño é mellor que «*outras cousas*»». De non ser así, tanto eles como outros, pode que padezan as mesmas penalidades, pero non «senten» o mesmo Camiño.

Moito do que hai nesta crítica é acepado por outras xentes do Camiño aínda que non dunha forma tan radical. A algúns deles, por estar relacionados coa hostelería, aínda confirmándoa en parte, molestalles menos.

E é que, como poidemos constatar mediante charlas con diversos camiñantes cando fixemos a nosa propia peregrinación, hoxe en día o Camiño é moitas cousas para moi diversos camiñantes, ademáis do «Camiño de Santiago» no senso relixioso-tradicional, pode ser tamén;

¹ É unha tradición viva aínda da que tivemos constancia personalmente durante a nosa estada, como estudantes, no Santiago de finais dos anos oitenta.

- Unha forma , aínda que sacrificada, de facer turismo barato
- Unha forma de coñece-la Galicia profunda.
- Un percorrido cultural e artístico incomparable.
- Unha forma «práctica» de aprender antropoloxía.
- Unha senda de «*Trecking*» para quen non pode percorrer o Tibet ou os Andes, por poñer algúns exemplos.
- Un circuito de ciclo-turismo.
- Unha travesía a cabalo
- Un remedo «*sui generis*» da mentalidade da xeneración *Hippy* norteamericana dos anos setenta e o seu concepto de «*on the road again*».
- Unha forma diferente de pasa-lo tempo ou, como diría *Crocodile Dandy*, ir de «*Walk About*».
- Unha forma de *redimir* causas varias.
- Unha maneira distinta de adquirir coñecementos e alternativa ós cursiños de verán.

E poderíamos continuar así unha lista na que caberían case tantas razóns como peregrinos atopásemos nun punto concreto do Camiño.

3.¿COMO PEREGRINAN?

Debemos plantexar a resposta a este interrogante dende dous aspectos a destacar: os agrupamentos e a forma de desprazamento.

Polo ó primeiro se refire, debemos constatar que aínda segue existindo o camiñante solitario, mais non é o máis común entre os peregrinos. Os peregrinos viaxan fundamentalmente agrupados, pero o criterio para o seu agrupamento é ben variado. Sería prolixo enumerar aquí a lista de centros de secundaria, públicos e privados, que deixaron a súa pegada no libro do Cebreiro, serva como representación de todos eles a seguinte:

«Con esfuerzo y ganas (¿118?) alumnos y 6 profesores del Colegio Rosalía de Castro, de Vigo. Hemos llegado. Cansados pero felices.

(Cebreiro, 1/4/93)

Forman tamén un apartado numeroso os diversos grupos Scouts que peregrinan ó longo do ano:

«*Grupo Scout ¿A Buntos?*»

(Cebreiro, 3/4/93)

Existe, ademáis, unha recente tradición entre o corpo de Artillería de que tódolos anos peregrine unha pequena representación.

Pero o criterio de agrupamento é moi variado, ás veces por profesión:

«*Bomberos de Bilbao*»

(Cebreiro, 12 /8/93)

«*Grupo minero de Fabero*»

(Cebreiro, 23/5/93)

Ás veces por afinidades deportivas, sobor de todo sociedades de montañeiros:

«*Grupo de Alta Montaña de Cádiz*»

(Cebreiro,,10/4/93)

«*La A.R.B. , Asociación Francesa da Senderismo*

(Cebreiro,3/9/93)

Outras veces por afinidades culturais:

«*Agrupación cultural del Hospital Comarcal de Monforte de Lemos*»

(Cebreiro, 14/5/93)

«*I.E.V. , Instituto de Estudios Valdeorranos.*

Cebreiro, 3/7/93)

Tamén relixiosas:

«*12 hermanas de la Primera Comunidad de la Asunción de*

Nuestra Señora de Madrid»

«*Las «reverendas» peregrinas del Perpetuo Socorro»*

(Cebreiro, 8/4/93)

Tamén asociacións con motivo ou finalidade social, das que destacaríamos varios grupos da O.N.C.E.:

«*28 ciegos gallegos y castellanos caminan a Santiago con la Luz de la esperanza»*

(Cebreiro, 8/5/94)

Pero non son os únicos, hai moitos outros:

«*8 peregrinos sordos de Santiago»*

(Cebreiro, 6/4/93)

«*Irish Cancer Society Walk»*

Seguida dunha escritura en Gaélico

(Cebreiro, 13/4/93)

Con todo, o que máis abunda son os pequenos grupos de amigos que manifestan a súa procedencia común, escollendo, ás veces, un nome identificativo no que non sole faltar o bó humor:

«*Os Zoupiñas, de Lugo e Alicante chegamos ó Cebreiro; a ver se chegamos a Santiago a tomar unhas taciñas de riveiro».*

(Cebreiro, 4/4/93)

«*Desde as terras de Pondal».*

(Cebreiro 8/4/93)

«*De Mallorca a Roncesvalles i a Santiago.
Cuatre Mallorquines de ¿Pelada?».»*

(Cebreiro,14/4/93)

«*Peregri 93.*
Diez de Santiago».

(Cebreiro, 4/5/93)

«*Las campeonas de La Sardiñeira*».

(Cebreiro, 9/5/93)

«*Cuatro biólogos en busca de la planta perdida*».

(Cebreiro,29/3/93)

«*Cuatro miembros de la A..M..A.D. A.*

Asociación Mundial de Abogados Deprimidos y Amargados».

Non son infrecuentes os agrupamentos de xentes de distinta procedencia, aínda que resulta moi difícil comprobar se se estableceron ó principio do camiño ou se se formaron ó longo do mesmo:

«*Tres de Burgos y dos de Barcelona*».

(Cebreiro,7/4/93)

«*Grupo Os Tunantes , de Foz e Ferrol*».

Polo que á forma de desprazarse se refire, aínda é dominante a tradicional forma de peregrinación no «Coche de San Fernando», un pouquiño a pé e outro pouquiño andando, tal e como Don Gaíferos o percorrerá. Xa é en cambio moi pouco usual o realizalo a cabalo. Son poucos os que dispoñen de tan noble animal, e aínda menos os albergues preparados para acollelos, tel e como veremos máis adiante. Con todo, habelos, hainos.

«*Os cabaleiros do Deza, Lugo, Arzúa e Santiago ó seu paso polo Cebreiro a cabalo*».

(Cebreiro, 6/4/93)

Un grupo que se incrementa cada día é o dos que cabalgan sobre

dúas rodas, nas habituais bicicletas, nas tres variedades, normal, mixta, de montaña. Dan lugar a unha auténtica controversia cos puristas. Consideran estes últimos que se saen do «espírito» tradicional do Camiño, mais, se ben é certo que os hai que transitan polas pistas e estradas que seguen, máis ou menos a rota do Camiño, hainos tamén que percorren idéntica senda. Para ser xustos hai que dicilo todo, os que van pola estrada teñen unha baixada máis agradable, pero como dicía un cordobés que atopamos polo camiño «mi descenso del Poio va a ser más liviano, pero para subir la máquina y la impedimenta hasta este alto me he dejado por el camino los riñones, el hígado y un pulmón», e iso indo pola estrada - os que atopamos seguindo a nosa mesma senda tiveron que subi-la bicicleta ó lombo máis de unha vez, e os seus descensos eran ben menos cómodos que os dos que ían a cabalo. Se a isto engadimos que nunca atopan cama nos albergues, por estar reservadas para todos aqueles que cheguen a pé, antes ou despois que eles, durmindo así sempre no chan-, a súa rota non resulta precisamente un camiño de rosas. Está por establecer, ademáis, se todos o fan como unha rota máis de cicloturismo ou segundo os mesmos principios e motivacións que os peregrinos «auténticos».

« *Peña Ciclista Villanueva, de Ponferrada* »

(Cebreiri, 10/4/93)

« *Peña Ciclista Maronistas a ¿Xuco?¿* »

(Cebreiro, 1993)

« *Two English Cyclists* ».

Según testemuñan algúns habitantes do Camiño, hainos tamén que viaxan en coche e descenden do mesmo un pouco antes da fin da etapa, supoñemos que se trata dunha porcentaxe moi marxinal.

4. ¿COMO VIVEN O CAMIÑO?

En moitos casos, a forma de concebir «o que o Camiño é en si mesmo» está relacionada coa razón, ou as motivacións, que cada peregrino tivo para comenzalo e que xa expuxemos nun apartado anterior, co todo, é posible atopar diferentes concepcións do Camiño ou, cando menos distintas

maneiras de vivilo, mesmo entre persoas que o percorren polo mesmo motivo. Como xa dixemos, hai un Camiño, senda física e material, baixo as estrelas, pero hai outro camiño «*vivido*», e as vivencias, sonnos distintas a cada un, e así o manifestan os propios peregrinos. Vexamos algúns exemplos.

Moitas das vivencias, como as motivacións, teñen un fondo contido relixioso:

«Semejante es el Camino del Sacerdocio al del peregrino. En ambos hay trecho de subida, pero con el confiar en Dios de llegar a la «Meta»

En Xtº y su Madre».

(Martín J. García. Poio, 18/9/93)

Hai quen o concibe como un esforzo redentor:

«Que el esfuerzo del peregrino sirva para el cambio del mundo y el equilibrio de todas las vidas».

(Angélica. Poio, 16/7/93)

Aínda que hai máis de unha necesidade de redención:

«Corriendo el año de gracia de 1993, de desastre para el PSOE, venimos a peregrinar a Compostela para pedir que el desastre se consolide y el Sr. Santiago nos ilumine por los caminos de España».

(Cebreiro, 1993)

Outros como un diálogo, interno e externo:

« El camino es perfecto para dialogar con la naturaleza, con uno mismo y con el creador de ambos.»

(Poio, 15/5/93)

O camiño como conxunto de camiñantes individuais:

« En lugares como este no importa mucho de dónde vienes, sinó a dónde vas y la gente con la que vas. Yo soy yo y tu no me puedes imitar».

(Poio, 1993)

« El camino no es el camino, sabes que nosotros somos el Camino».

(Poio, 1993)

«Cada cual anda su camino, pero todos disfrutamos del mismo pan .

Disfrútalo.»

(Cebreiro, 2/1/93)

Hai, ademáis, moitas outras das que tamén deixan mostra os peregrinos. Vexamos algúns exemplos máis.

« El camino es la búsqueda de la LUZ. La luz tiene que ser interior, el camino físico es caminar. Al caminar pasamos por puntos magnéticos, celúmicos y talúmicos, y la sensibilidad yace interior , de encuentro con Dios.

Siento el mensaje de Cristo, el camino sin pedir nada a cambio.

Ultreya, Suseia».

(Cebreiro,1993)

«May the road rise up to meet you, and the wind be always at your back, and my God hold you in the palm of his hand».

(Cebreiro,5/4/93)

5. PENALIDADES, ÁNIMOS E AGRADECIMENTOS

Case resulta inxusto adicarlle a este apartado o mesmo espazo que ós demais, pois as anotacións que agrupamos baixo este epígrafe serían, co moito, o grupo máis numeroso de todo o corpus de inscricións que aparecen nos libros consultados.

Convén non esquecer que, como dixemos xa na introducción, o Cebreiro e o Poio son, ademáis da entrada en Galicia, dúas das máis duras subidas que o peregrino atopa ó longo de todo o camiño, e se a altas instancias lles serviu a súa dificultade para xustificar o retraso continuo na comunicación deste país coa meseta, esta claro que non debe sorprendernos que os peregrinos lles pase factura. Non debe sorprendernos, pois, que as inscricións manifesten os distintos talentos con que os camiñantes coroan tales obstáculos.

Hainos a punto de tira-la toalla:

« Me llamo Abrahan, soy un pergrino light y estoy a punto de tirar la toalla».

(Cebreiro 12/693)

«He llegado sin pellejo y sin Crica, no vuelvo».

(Eliana. Cebreiro,17/4/93)

« A Cebreiro he llegado, pero lo que me ha costado».

(Cebreiro, 8/4/93)

«Vengo de Roncesvalles, y subir el alto por «La Faba» es lo más duro que é tenido que subir».

(Magalhaes Arbores. Cebreiro,8/4/93)

Ás veces, xúntanse todo tipo de inclemencias:

«Abril, martes y trece. Lluvia barro y nieve».

(Esther Mardones. Cebreiro,13/4/93)

Claro que o verán tampouco é manco:

« De dicisiete que empezamos, quedamos quince, y veo difícil que todos terminemos el camino. Tenemos ampollas hasta debajo de la lengua»

(Pepi, de Córdoba.Poio, 20/7/03)

Con todo, non falta o humor

«Chegamos jodidos pero contentos. Se algunha vez chego a conselleiro, farei as carreteras sen costas».

(José Tarrío. Poio, 18/7/93)

Algúns son breves e lacónicos:

«El Poio y su puta cabeza».

(Poio, 8/4/93)

*«No patearé más
No patearé más
No patearé más».*

(Carlos Mas. Cebreiro, 8/4/93)

«Socorro».

(32 sinaturas. Cebreiro, 8/4/93)

As penalidades non proveñen só da subida:

«Estoy cansado del camino de Santiago, pero estoy más cansado de los caminantes a Santiago».

(Cebreiro, 7/7/93)

« Mi madre me resulta casi más pesada que mi propia mochila. ¿por qué viene conmigo si ya soy un hombre? ».

(Poio, 1993)

« Hoy espero encontrar refugio, ¿vale? ».

(Cebreiro, 2/4/93)

Claro que, como xa dixemos, o Camiño non é igual (de duro, neste caso) para todos:

«Al fin hemos llegado al tramo más temido, a lo alto del Cebreiro. Esto ya es pan comido».

(Cebreiro, 1993)

« Hasta aquí muy bien, desde aquí mejor. Ya queda poco».

(Cebreiro, 24/5/93)

Pero para todos aqueles que fraquean, sempre hai quen lles ofrezca unhas palabras de ánimo no libro dos peregrinos:

« A veces parece que no vas a llegar pero siempre llegas, ¿en que condiciones?, esa es otra historia. Aúpa peregrino que casi todo es cuesta abajo».

(Una bilbaína. Cebreiro, 2/5/93)

Claro que, cando non chegan as palabras de alento, e para dar máis ánimos, e restaura-los folgos, están os habitantes do Camiño, e os libros do Poio e o Cebreiro están cheos de agradecementos:

«Como no deje de nevar lo llevamos claro. Por lo menos hemos llenado tripa».

(Rubén. Cebreiro, 15/4/93)

« El camino es libertad, y a veces sufrimiento, el buen llantar del lugar alivia los malos momentos».

(Alejandro. Cebreiro, 17/5/93)

«Cuatro de Ibiza que llegaron cansados pero gracias a los buenos tratos de la gente de esta casa nos vamos recuperados».

(Poio, 22/5/93)

« Siempre recordaré esta preciosa y durísima subida a Cebreiro, su queso, su amabilidad y su membrillo».

(Cebreiro, 23/2/93)

Claro que, non todo se pode restaurar co trato amable e un bo xantar

«Vamos a por el Jubileo. Dice Che que va a pecar por el camino

(segue unha serie de opinións sobre o asunto)

Pecar si pero descansando alguna vez.

«Jota» no está para pecar».

(Cebreiro, 29/3/93)

As citas de agradecimento á hospedería do Cebreiro e ó hostel do Poio son tantas que non caberían nesta publicación. A súa amabilidade chega ó punto de darlle abeiro ó peregrino donde boamente poden, pois, nin sempre houbo albergue, nin este é sempre suficiente, e así ...

«Les despedimos esta mañana tras una noche en esta «Palloza» maravillosa, donde no hemos notado nada durmiendo como un tronco. Ahora nuestros pies nos dirigen al oeste, al mar, a Santiago»

(Cebreiro, 1993)

Pero quizáis as que mellor expresen o agradecemento son estas dúas:

«Desde luego, el albergue del Cebreiro es lo mejor que ha hecho en su vida Don Manuel. Parece un hotel de lujo y se agradece.

Nunca pensamos tener que agradecerle nada

La vida te da sorpresas, sorpresas te da la vida

Hay Dios!».

(Cebreiro, 15/4/93)

«Nobleza obliga, y me siento obligado a mostrar mi agradecimiento por la cariñosa acogida que camino de Santiago me han dado en este hogar. Efectivamente es de agradecer que llegando físicamente «roto» a estas alturas, haya buenas gentes que, sin ninguna obligación por su parte, se pongan a tu disposición para satisfacer tus necesidades.

Esto es, entre otras cosas, lo más bonito y admirable de peregrinar a Santiago, por doquier encuentras almas buenas que, de par en par, sin nada a cambio, te dan su corazón.

Viva San Fermín».

(Poio, 7/7/93)

Claro que, para ser honrados, debemos admitir que tamén hai críticas:

« Es lamentable que llegues a un lugar tan importante como O Cebreiro, no nos abran el refugio hasta las cinco de la tarde».

(Poio. 1993)

6. MENSAXES E «LITERATURA»

Xa vimos ata agora que o *Libro do peregrino* é útil ó investigador para pescudar datos sobre procedencias, mentalidades, etc, pero, ademáis, é útil para os propios peregrinos para moitas cousas. Xa vimos que serve para queixarse, como pano de bágoas, para deixar constancia do seu agradecemento ..., pero, ademáis, ó ser cita case obrigada en cada albergue, serve tamén para deixar mensaxes entre os propios peregrinos. Os máis habituais son os que seguen a fórmula « Aquí estiveron ...»ou «Fulanito estivo aquí», pero tamén existen outros como:

« A pesar de 5-0 no os guardamos rencor».

(Cebreiro, 21/3/93)

«Galiza Ceive».

(Cebreiro, 12/4/93)

«Croacia Libre.»

(Sinatura inintelixible.Cebreiro,5/4/93)

«Freedom for Tibet».

(Cebreiro, 1993)

«Temed el día que el MOPT llegue hasta aquí».

(Cebreiro, 4/4/93)

Tamén as hai tenras:

«Con cariño, para mi hija Aita y mi esposa»

(Cebreiro, 26/3/93)

« Nacho, soy Eduardo, ya hemos pasado por aquí como puedes ver, hoy hacemos noche en Triacastela. Te deseo que tengas buen camino.

Tu hermano que no te olvida»

(Cebreiro, 19/7/93)

«El Cebreiro y el Bierzo, dos pueblos separados por el progreso pero unidos por la historia y el amor»

(J.M. González. Cebreiro, 23/7/93)

Mais, acompañando ás mensaxes, rexístranse tamén no Libro do Peregrino as aficións literarias dos camiñantes. Algúns citan textualmente a autores coñecidos, como Bertoll Brecht ou Machado por exemplo. Véxase senón:

*«Ser en la vida romero
Romero solo que cruza
Por caminos
Ser en la vida romero
Sin oficio, sin otro nombre
Ni pueblo
Ser en la vida romero
Romero
Solo romero».*

(Cebreiro, 13/4/93)

Pero o que máis abunda son as paráfrases do coñecido poema de Machado, como por exemplo:

*«Compostela, no hai camino
lo haces tu al andar».*

(Cebreiro, 2/4/93)

Tamén os hai que fan citas clásicas:

*«Spes et fides magnae virtutes fuerant»
«Non scholae sed vitae discimus».*

(Cebreiro, 26/4/93)

Por desgracia, pódese rexistrar ademáis outro tipo de «literatura» menos edificante do tipo:

*« Estoy follao, pero sigo porque a lo mejor en Santiago follo
Tomás
Tengo francofobia».*

(Cebreiro, 3/4/93)

*«En esta vida se deduce, que el peregrino que no jode no
produce».*

(Poio, 10/7/93)

*«Como un viejo sabio dice, la realidad es una alucinación
producida por falta de alcohol en el cerebro».*

(Cebreiro, 1993)

Inscricións, que ben poderíamos atopar en calquera retrete público. Xa indicamos anteriormente que, durante o 93, acompañando ó incremento do número de peregrinos, tamén se rexistrou un acusado descenso na «calidade» de parte dos mesmos. Recordemos aquí a crítica que facían algúns habituais do mesmo.

Pero, para non quedar con mal sabor de boca, deixamos dúas perlas para o final:

«Este tres de Agosto de 1993 contemplé una puesta de sol, tan bella, que tuve ganas de pedirle al Artista que saliese a recibir la ovación, pero me pareció que cualquier ovación, aplauso o poema, jamás igualaría tanta belleza»

(Cebreiro, 3/8/93)

*«Llega el peregrino cansado
con su avío, morral pesado,
deseando a posada dar beso
y quitar de encima peso.
Pues al llegar a rastras por el suelo
es para el cuerpo gran duelo,
y aunque la cosa cuesta,
es por fe y no por apuesta.*

*Superado el camino de piedra
y el picor del toque de la hiedra
seguimos los seis con risas,
y sin tomarnos muchas prisas,
contemplando innumerables paisajes,
conociendo frondosos follajes,
y así, tomando mucho vino,
llegamos a estas alturas del camino*

*!Apretaos bien las botas,
no llegueis con las morales rotas!
En lo que queda no sanan los pies,
no llegareis sinó tres,
y con este último trago,
esperando llegar pronto a Santiago,
y para los demás*

*mucha suerte
ya pasó lo más fuerte».*

(Poio, 1993)

7. OS TÓPICOS

Xa avanzabamos antes que o Cebreiro supón a entrada do Camiño en Galicia, e que Cebreiro-Poio-Triacastela é a primeira etapa galega, sérvenos, pois para coñecer cal é a primeira impresión que producen nos camiñantes esta terra e as súas xentes. Algo sobre este aspecto xa quedou rexistrado en apartados anteriores, pero unha análise máis polo miúdo amósanos que os tópicos seguen funcionando. Agás o do marisco, tódolos outros tópicos aparecen rexistrados no *Libro do Peregrino*, e así no Cebreiro atopamos inscricións para tódolos tópicos

O clima:

«Hola peregrinos. Nosotros hemos pasado aquí con mucho mal tiempo. ¿Podeis decir a nosotros como se siente aquí con sol?».

(Los de Suiza. Cebreiro, 4/10/93)

A paisaxe:

«Fins aquí i fins ará hem tingut un bon cami, una bona experiència i el lloc is fantastic».

(Francesc C. Cebreiro, 9/5/93)

A hospitalidade:

*«Caminante, este es el camino y se hace buen camino al andar. Y por esta tierra «voto a brios» muy bien te van a tratar
De un caminante
a quien quiera eschar».*

(Cebreiro,10/3/93)

Ou todo misturado:

*« Espectacular entrada en Galicia. Magnífica hospedería, y de las payozas todavía nos se que decir
Saludos y Ultreya, que en Santiago ya estamos».*

(Cebreiro, 22/2/93)

Son tópicos que se repiten no Alto do Poio:

«Despues de estos dos puertos -lloviendo, claro- y tras reponer fuerzas en este singular «refuxio» continuo el camino. [...] el cambio del Bierzo a Galicia se nota, pero la gente sigue siendo magnífica».

(Poio, 21/3/93)

Mesmo hai quen comproba algún dos tópicos sobre o carácter galego

« P. D. Un hombre le pregunta a un gallego, ¿es verdad que nunca contestais que si o que no?, y el gallego responde: eso depende».

(Poio, 22/6/93)

Claro que sempre hai alguén que queda descontento:

«Llevo menos de 5 Kms en Galicia y ya estoy hasta los cojones del frío, el agua, las ventiscas, las subidas, el acento de la gente, las boñigas de las vacas, la hierba mojada y, sobre todo, de la palabra carallo.

¿Galicia unpaís para vivir?. Para Vd Señor Fraga.

Señora, si a Vd. le pesa la bolsa de la compra, a su marido le pesa la bolsa «dos collóns».

(Sergio, Zaragoza. Cebreiro, 1/10/93)

Afortunadamente, os que veñen de máis lonxe, e viron máis mundo, sacan mellor impresión:

«This is our first taste of Galiciam Hospitality - Excellent- Hope the rest of the «Camino» keeps up this standard».

(Linda Winchurch. Cebreiro, 4/9/93)

Xusto é dicir que a nota do «camiñante» descontento non é suficiente para empañar-la imaxe que os nosos paisanos deixan entre os camiñantes. A súa opinión non é máis que unha minúscula mota de pó entre os comentarios dos que veñen de máis aló do Cebreiro.

Tamén é preciso dicir que entre os habitantes do Camiño exténdese a idea de que aqueles que veñen de máis aló dos Pirineos son os máis respetuosos co Camiño e as súas xentes.

CONCLUSIÓNS

Á vista do exposto anteriormente, podemos tirar unhas breves conclusións:

- Efectivamente o número de peregrinos que transitaron polo Camiño no Ano Santo 93 incrementouse notablemente. Dedúcese isto do aumento do número de anotacións rexistradas no *Libro do peregrino*, e corrobóranos as estatísticas da publicadas pola Xunta de Galicia e as da propia Igrexa.
- O aumento do número de peregrinos veu acompañado por unha diversificación das motivacións dos camiñantes para acometer tal empresa, algunhas delas foron xa expostas ó longo deste traballo. Con todo, aparécesenos nas anotacións dos peregrinos a motivación relixiosa como predominante, ben debemos entender que esta trascende máis alá da pura confesionalidade católica e abrange outras manifestacións relixiosas. Así mesmo, antigos costumes que servían de motivacións para poñerse en camiño, como por exemplo a redención de penas, o cumprimento de promesas ou a manifestación do agradecemento, ou o interese polo finisterre europeo ou pola Vía Láctea, seguen presentes no Camiño.
- Acompañando a esta diversificación das motivacións dos camiñantes, aparecen tamén novas formas de entender-lo Camiño. Algunhas, afortunadamente moi minoritarias, son mesmo pouco desexables; xa deixamos constancia delas ó longo deste traballo, e non nos merecen máis comentario que o feito de que, os pere-

grinos « tradicionais » refírense a elas como á mentalidade dos « domingueiros ».

A pesar destas diferentes motivacións, ó longo do Camiño segue manifestándose unha certa solidariedade e camaradería. As penalidades son comúns ou, cando menos, existen para tódolos que fan o Camiño, e iso, une á xente.

Ás tradicionais formas de face-lo Camiño seguen presentes, mais, agora, acompañadas doutras novas. Así, o máis usual é facelo a pé, tal como indica a tradición, e aínda hai quen o fai a cabalo, se ben atopan certas dificultades para o acomodamento dos animais, e así o deixan rexistrado no *Libro do peregrino*. A estas dúas tradicionais sumouse a bicicleta e, aínda que non aparece rexistrado no Libro do Peregrino, polas normas dos albergues, tamén hai quen fai a viaxe en automóbil ou en moto; convén recordar que o Camiño converteuse tamén nunha rota de turismo cultural. A este respecto, si ben se abre unha pequena brecha, ás veces, entre os tradicionais camiñantes e os modernos ciclistas, compre dicir que, primeiro, os ciclistas tamén « padecen » o Camiño e, en segundo lugar, que non sabemos que terían pensado e feito os peregrinos medievais se as bicicletas se inventasen na súa época.

Aínda que é de desexar que certos tópicos sobre Galicia, como o do atraso, se vexan matizados a medida que o peregrino se achega a Santiago, algúns outros que o camiñante trae no seu zurrón á entrada na nosa terra, como a paisaxe, a amabilidade no trato ou a retranca, aínda parecen asentados e apegados á realidade.

Non quixéramos rematar este traballo sen expoñer unhas cantas notas persoais.

A primeira sería a necesidade de revisar as estatísticas da igrexa con respecto ás motivacións dos peregrinos, plantéxannos certas dúbidas. A experiencia persoal fainos pensar que no apartado de motivacións, e baixo o epígrafe de « Pietatis Causa » poden aparecer rexistrados peregrinos que, non sendo crentes, non desexan voltar sen unha *Compostelana* que acredite a súa viaxe, e opten por este epígrafe como « mal menor ».

A segunda fai referencia á necesidade de recuperar un camiño con final na Fisterra, entroncando cunha certa tradición xa existente e á necesidade de recuperar outras vías alternativas ó *Camiño Francés*, como serían a *Rota da Prata* ou o propio *Camiño Inglés*. Tanto a un como ós outros compre mellora-la súa infraestrutura dotandoos dun mellor equipamento e unha semellante difusión. Sería este, un desafío cara a unha data tan trascendental como o *Ano Xacobeo 1999*.